


Núm. 74

Tomo 7.<sup>o</sup>

# nós



CASTILLO



BOLETÍN MENSUAL  
da  
CULTURA GALEGA

Direitor Literario

Vicente Risco

Direitor Artístico

Alfonso R. Castelao

Administrador

ANXEL CASAL

DIRECCIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Real, 86 1.<sup>o</sup>—A CRUÑA

ABONAMENTO

Doce números, na Península	6'00 pesetas.
Fora da Península	8'00
Número solto	0'70

NOTA

Este boletín non publicará máis orixinas que as que foran directamente solicitadas pola Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas nela emitidas, a non ser das que por non iren rubricadas, enténdense que son da Redacción.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

Pamir (remate), por GEORGE CHENNEVIÈRE. Traduzón de R. O. P.

O Señor Feudal, por V. Risco, dibuxo de XORXE LORENZO.

Catálogo dos Castros Galegos, publicado pola S. d'E. G.

Os homes, os feitos as verbas, POLA REDAUCIÓN.

Reloxería ZENITH

MAQUINAS PARLANTES. DISCOS  
AGULLAS e ACCESORIOS

M. CALVIÑO - Ourense

Vicente Risco

Abogado

Sto. Domingo, 47-2.<sup>o</sup>

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XII      ★      Ourense 15 de Febreiro do 1930      ★      Núm. 74

P                A                M                I                R

(remate)

Pasou o tempo en que n'un branco touro,  
Cruzabas os estreitos e os mares,  
Sin mais medo que por teus pés de rosa.

—  
Pasou o tempo en que sobr'o bridón,  
C'o teu casco e tua cota de guerra,  
Fas pra salvar Xerusalém.

—  
E lonxe o tempo en que tiara na testa,  
Globo na mán, espada ó costado,  
Forte de Deus, anatematizabas.

—  
E lonxe o tempo cando n'os galeós,  
Tí traguías, borracha de conquista,  
O ouro que fixo medrarche as uñas.

—  
Fuxiu o tempo no que dina de teu nome,  
Tí paselabas c'a «Marsallaise»,  
Craris de pé, a virxen Liberdade.

—  
Mil anos de reinado decrebaron teus ollos  
Teus nemigos pillaránche na casa,  
Reina dos grandes ollos, tí ó quixeches.

Mortos teus deuses. Teu poder caido.  
Non te queixes. E millor que durmas  
Descontando algún perdón da sorte.

\*\*

Bela Europa d'outro tempo  
Xa non te prace meu leito.  
Non era preciso por  
Tantos Cesares e Reises,  
Tantos mozos capitás.  
Ti desfaste c'o traballo:  
Vende os mobles como leña.

Doce aboa os grandes ollos.  
Ti gustas sangue de mais  
Pra somentes regar cinzas.  
Deberas contar un pouco.  
Aquil viñío é mas barato  
Que o outro que te pagaban.  
Mais iste rúbesce a testa.

Sobr'o liño e os encaixes,  
Cantas regadas bebiches  
O viño seco e os bicos  
No tempo en que fuches bela.  
O viño non te custaba,  
E tí apenas dubidabas  
Qu'os bicos custan ben caros.

Beilaron demais tuas fillas  
Bela Europa d'outro tempo.  
Enfria o vento. Abrigate.  
As tolas tanto suaron  
Pol-a espalda e pol o peito  
Qu'apesares das pelicas  
Poden pillar un costado.

\*\*

Escoitasme sin resposta e sin bágoas fáste a forte.  
Si non tés repentimento abondaría unha bágoa  
Pra acarifar o Destino e conxurar a desgraza.

Eu soilo podo falarche como un honrado intendente  
Que incrinándote a soá te presenta ben as contas  
Esquirtas de sua mán sobre follas ben rayadas.

Eu coñezo as tuas mágoas. Apiedeime cinco anos  
Dend'un sitio en que teus ollos non podian albiscarme,  
Tan secreto era o refuxio e tan neboento o ceo.

Interésame a tua sorte por negocios de familia,  
Non porque agarde de tí o legado mais cativo,  
Sinon porqu'inda me lembro que son fillo de París.

As donas arregradoras non teñen sempre o vagar  
De vixilar os retretes nin ter conta das cociñas,  
Seu posto está no salón, xunto das tazas de prezo.

Eu estimo pouco o the. Góstame mais o Borgoña,  
O que espalla pol-o corpo unha legría picante  
Que non saben apañar os profanos d'alén mar.

Teño perdido a piedá. E fáloche sin vergonza.  
Quixería desenrugar o pergameo da tua cara,  
Xa que dirixes os xogos e presides o xantar.

\* \*

A sala recende a táboas, a potaxes e frituras.  
Despachaivos, esfameados, de tomar posto na mesa.  
Si a villa coxéa un pouco, está fresquita a manteiga,  
Que pol-a decenza a todos vos será servido en cunchas.  
Senadores, diputados, ministros, subsecretarios,  
(Un poeta tén dereito a iñorar as etiquetas),  
Agregados, conselleiros, intendentes, comisarios,  
Apóstolos do «civismo», da lei e da «democracia»,  
Prácheme olláros comer e beber, ansi de preto,  
Poil-o home endexamais minte posto en presenza do asado.  
Mais, lexos do anfiteatro e da maestá da tribuna,  
Onde, fai mais de cen anos, representades comedias;  
Lonxe dos sillós Luís XV, onde afundides as nádegas,  
Runfando sempre proieutos que morren sobr'o tapiz,  
Perdedes na vosa talla e na vosa autoridade,  
Inda que vos ciuga as tempas a coroa dos «eleitos».  
Caleados, e castos vellos cuia honorabre virtude  
Morrerá homildemente n'algún galante pisíño;  
Catarrentos, c'ó naris tremante baixo dos lentes  
E cuios dedos xa murchos collen fresas maximadas;  
Piratas de mil partidos, mariquitas empoeirados;  
Barrigudos, barbas tristes, abogados, profesores,  
D'os que o mol feble falar perora nos esquinás,  
Cagatintas, lacayada, escribas «radicallada»,  
Criados de galifeiro que mantedes con programas  
A galíña eleitoral c'ó seu cù ben deprumado.  
Os que inaugurate pontes, tumbas, estatuas heroicas,  
¿Cando vos fatigaredes de nos fartar de discursos?  
Repúbrica do ano doux severa com'unha espada,  
Firamos sin compasión a morea titiriteira,  
Ou millor, deixalos xa que se movan ó seu modo,

Agardando a barredela do furacán derradeiro.  
 Dinamonos concedervos, convidados do banquete,  
 Por sinxela compasión o descanso d'un bo postre.  
 Está pregado o rón o mesmo qu'os cigarríños.  
 Vosas caras fan sorrir. Coidariase que tocades  
 O vidro do reló voso e frío do voso carrolo.  
 Coma por asegurarvos o xurdir d'un pesadelo  
 Que a testa e o curazón están inda ben cinguidos.  
 Consolai voso valor. Axustade as corbatas,  
 Fondide vosos discorsos nas escumas do Champagne,  
 Bebede todo d'un grolo, e rematamos mais cedo.

\*\*

Eiqui é onde se baila,  
 Franco a franco, eu a eu,  
 Pe a pé, meixela a meixela.  
 E a soá e tan lisa  
 Que a man decorre  
 Dos hombreiros que xiran  
 Ós riles tangueantes.

A velocidade. A morte,  
 Pernas e rodas.  
 Un xuramento. Sport.  
 O mozo e a propina,  
 Escalera pr'o «jazz».  
 E o ritmo que se morde  
 Pra logo vomitale.

Cinema. A «estrela».  
 Un licor escolleito,  
 Mollos de lus  
 No cumbe dos treitos.  
 Un incendio de verbas.  
 Fogo pendurado do ceo  
 Moitedume agunizante.

As pérolas, as peles.  
 Fuxen brancos de carne  
 Baixo velos lixeiros.  
 Nas apertas do negro  
 A princesa emigrada  
 Lembrase do gran duque  
 E pide mais licor.

Xabóns, brasas, delirio,  
 Emborráchase a sombra  
 A porta dos bares.  
 O baile centauro  
 Pónse as esporas  
 E colle o látego  
 Pra incirrar a besta.

N'ista hora coce o forno,  
 E o mouro maquinista,  
 Dirixe car'a mar  
 Un tren todo de ricos;  
 A hora en que o obreiro  
 Frótase os ollos  
 Para baixar do leito,  
 Bela noite de baile!

\*\*

Todo é no mundo tolo arrípios e de contiños,  
 Hastra o aire que se respira tén un gosto adulterado.  
 De cada fenta do chán xurde o dia unha ameaza.  
 Nosa sorte está nas maus de seis porcos petroleiros  
 Que manxan ovos fritidos e beben auga de Vittel,  
 Disputándose por radios os petróleos de Mosul.

Comezóu o teu suprizo. Será longo probe Europa.  
 Os que tí finxes amar non te queren perdoar  
 D'haber esquencido e faltado a tua palabra.

En compañía dos soldados lixaches tua fidalguía.  
 A humanidade vixilate mais non te respeta xa.  
 Chegoute a ti de facer penitenza, axionllada.

O martirio será duro, teño vergonza por tí.  
 Chégache moito mais frío pol-o ollo da pechadura  
 Do preciso pra xiarte, bela Europa d'outrotempo.

Vinganza sobre Sabaoth, sobr'o Eterno dos Exércitos!  
 Que non salferiras onte, cando podías, a miseria,  
 Da que coidas que viviches, e da que mañán morrerás?

Tomaráis por defensores a triste abenza de reises,  
 Que tí gardas en pensión como os pavos nos xardis,  
 Pra a reprodoiceon, o ornamento e a parada.

Acetaríais por xefes a grea de diutadores  
 Qu'erguen seus brazos ó ceu invocando a sua estrela  
 E que quixeran ser César coma non fóra en Tarsalia?

Corre o sangue por teus muros, vella criadora de guerras.  
 Oio berros d' inocentes saindo das tuas cadeas,  
 E o odio vaite criando unha fronteira mortal.

A axuda non tés dereito. Vaite envolvendo o castigo.  
 Seus cabalos mollan xa as pernas nos teus ríos.  
 E revolven as narices diante dos teus lameiros.

Eu anuncio a negra loita, o escurecerse dos ceos,  
Un formiguejar de ratos en dédalos invisibles,  
Estoupos descofiecidios tral-as montañas de néboa;

O estrondar dos tambores, e o brilo das trompetas  
E, por'o alen do deserto de vilas e de campias,  
Un xurdimento baril, ó soar ceibe e trunfal

Do fouciño na outa herba e do martillo no ferro!

### III

Mais deixádeme un pouquijo pra que respire ó meu gosto,  
Teñio fris por rubir o leito das invasiós,  
Baixo o sino de Atila e de Tamerlan o Coxo.  
O aire da estepa núa refrescará meus cabelos,  
E irei rubindo sin medo as rubidas do Pamir.

Pamir, onde reina un vento de outuras non conqueridas,  
Treito do mundo, altar de pedra baixado o Oucidente,  
Eu non toco c'os pes nin as mans inocentes  
Pamir, fogar da Eurania, privado de vestal,  
Ouh; dozura e violenza pr'o home de cen sigros!

Ningún feitizo pra deter a medra do meu ensoño,  
Ningún albre; soilo a nube riba dos azues neveiros.  
Somente a canzón do aer, ceibe d'homes e de bestas.  
Todo ollar xurde do espírito, toda arela da estenseón,  
E hourizonte car'a China todo de sal centilea.

Non temas de te perder, pelingrin das soedades.  
O sol nasce eiqui no Oriente como sobr'as terras baixas.  
Podes ollar dend'eiqui camiñar as caravanas  
Que cruzan pol-o deserto e pol-o gran val dos aires,  
E a estrela loce xusto sobr'o andar dos viaxeiros.

No do creado e calma da duración!  
Pamir, dime os nomes dos pobos que morreron.

Ti nin xiquer ós sabes. Pois son mil e outros mil,  
E todos misturanse nos beilados de Çiva.  
Mais eu oio rubir o santo cantar do homel

\*\*\*

Do mouro fondo dos tempos,  
Il rube, vestido  
De forza e de valor.  
Gracias lle sean dadas!

Il deitou o corpo  
Baixo o peso dos deuses,  
Dos reises, dos destinos.  
Gloria a il nos ceus!

Sangrou sua tenra carne.  
Os seus membros sofriron.  
E suas mans loitaron.  
Xustiza a sua miseria!

Os deuses teñen morto.  
Os reises son fuxidos.  
Seguen ó home os destinos.  
Gloria eterna a ill!

Garda seu corpo a traza  
Das poutas da besta  
E da servidume.  
Pasa toda a sua razal

O esprendor dos seus ollos  
E o faro do mundo.  
Il é o rei da terra  
E o gardador do fogo.

Il incrinou a testa  
E dobrhou os xionllos  
Por vaas orazós.  
Gloria a il sobr'a terra!

Mais il dubidou tanto  
Que s'asombra d'ollar  
Rayolar dos seus dedos  
A yalba da victoria.

Gloria eterna a ill!

\*\*\*

Corre o tempo. Corre meu sangue. Corre a miña vida,  
Falo o nome dos que me levan mais adiante.  
Eu xa traspasei a zona das tromentas,  
Fazendo voto de prudenza e deixando a envexa.

Eu desprezo o signo e o balbordo valeiro.  
Eu refrexei o todo, espranzas, medos, remorsos,  
Lembranzas e desexos, ensonos e ambiciois,  
N'un calado refluxio onde ninguén me chega.

Do faro isolado onde eu quixen rubir,  
O estrondar do océano non encubre a vos

Do labrego que sembra ou do soldado que bebe  
N'istas sombrizas terras qu'eu non abandoei.

—  
Eu non conto pra rén as gracias do amor,  
Pois alá está miña vida que me vai vendimando,  
Pois a morte é alá, sin paraíso nin anxes,  
E porque meu peito bate cen mil ó dia.

—  
Meus ollos a ponla axexan na que pousan patas,  
E pra millor consagrare a nova estación,  
Cuialegria a xa un siño treicioeiro,  
Eu dou iste momento a un vencedor de rosa.

GEORGES CHENNEVIÈRE  
(1884-1927) † 20 Agosto 27.

Trad. R. O. P.  
27 Febreiro, 1928.





## O SEÑOR FEUDAL



**P**ois era un Señor feudal que dende o mais outo da torre onde moraba, no cume d'ise curuto, podía dicir aquelo de: «cantas terras vexo, todas miñas son». E ao pé da torre tiña unha grande aldeia, case qu'unha vila, con moitas casas, onde vivía moi ta cristiandá. E toda a aldeia estaba circuída d'esa muralla de bastiós macizos. Ata pode un imaginar que todos vivían contentes e felices.

Mais chegou un tempo, en que todas esas terras qu'ehí vedes, cansaron, e houbo qu'ilas deixando a barbeito d'ano en ano, e despois houbo que deixalas descansar dous e tres anos, e por fin, foron quedando, unhas tras d'outras, todas a ermo. E a xente emprincipiou a marchar, e fóreronse indo, hoxe un casal, mañá outro, e asina deica non quedar ninguén na aldeia, senón foi o Señor feudal, cos seus cadeños, o seu faco e un vello escudeiro.

E as casas fóreronse vindo abaixo, unha tras d'outra, deica que ficou raso tod'o recinto da muralla. E somentes a torre se tivo de pé.

E o Señor feudal morria de tristura.

Entón, pra volver poboal as suas terras, mandou mensaxe pol-as aldeias d'arredor, pol-o seu vello escudeiro, acabalo do vello faco, chamando en todal-as casas, pra que viñeran tratar da fundazón d'unha grande cibdade ao pé do castelo.

E resultou qu'os homes non viñeron, porqu'andaban no traballo, mais, coma se tratava de fundar unha grande cibdade, as casiñas todas da ribeira, co as suas ledas fe-

nestrás, cos seus tellados de tella nova, co-as suas chemineias pintarrañadas, falaron unhas co-as outras e dixerón:

— Alá na cibdade, dín qu'as casas valen moito, e que a xente dá moitos cartos por vivir n-elas, namentres qu'eiqui non valemos nada. Pol-o tanto debémonos ir pra a cibdade. Mais coma somos tan pequenas, e nas cibdades son tan grandes e de tantos pisos, se imos alá, nonos van querer. Mais ahi ond'o Señor da torre vai facer unha cibdade toda nova, pode ser que nos queira. Imos logo alá.

E encomenzaron a rubir pol-o curuto enriba, fóreronse metendo pol-a imensa porta do recinto, e encheron o circo das murallas e cada unha púxose onde lle pareceu, unhas de frente das outras, ou apegadas, ou d'esguello, ou postas de cù.

Cand'o señor feudal, dend'o-outo da torre, ollou o seu recinto cheo de casas, mandou ao vello escudeiro que fora aixiña pechal-a porta, non fora volveran marchar.

Ja viría a gente poboal-a sua vila, e se non viña, já il encargaria obreiros sen traballo a Alemaña ou a Ingraterra, ou labregos a Rusia, ou negros a África, ou bonecos de eses de farrapos a un bazar calquera, ou figuras de Nacemento.

Mail-as casas todas, que pensaban qu'iban armar co-elas unha grande cibdade con ruas e rueiros, fontes e pontes, e traída d'augas, e alcantarillado, e praza d'abastos, e carros eléctricos, e cristaleiras nas tendas, e boletis e jornais a vender pol-as ruas, de que viron que non viña ningúén pr'as alugare, emprincipiaron a berrar pol-os bicos desconxuntados das suas portas, a revirar os ollos das fenestras e a botar fume pol-as chemineias, e orgaizaron un gran mitin, pónense en rolde perto da porta'pra protestaren de teren sido postas en estado de detenzón ilegal.

Había unha un pouco birolla porque tiña unha finestra mais outa qu'a outra, que era a que mais berraba, mais as que mais medo lle puñan ao Señor feudal, eran as que tifian o tellado voadizo e botado pra diante com'unha bisera, pois aquelas, mal demo me non leve senón eran socialistas, ou ainda cousa pior.

N-iste intre, foi cando chegou o pintor, e compuxo o cadro que tendes diante.

E non sabemol-o que vai pasar... Eu ja estou vendo qu'o vello escudeiro vai cometer unha treición: vai abrir a porta, vaise meter n-unha das casas, vai facer ferver o caldeiro, e a casa, movida pol-a tensión ou forza elástica dos gases e vapores, vai surtir fumegando pol-a sua cheminea com'unha locomora, e atrás d'ela todal-as outras, enfiadas, formando un tren moi longo por ise camiño embaixo...

O pior é que postas a camiñaren d'ise xeito, xa se non van deter endejamais, senón que seguirán sempre correndo, correndo pol o mundo adiante, dando voltas e mais voltas ao noso esferoide achataido pol-os cabos do eixe, e cand'o mundo s'acabe e non teñan por onde camiñar, vanse ter que marchar pr'o planeta Marte, en precura d'outro Señor feudal, o qual, s'imos creer a Mr. Wells, ha estar moito mais civilizado.

Deseño de XORXE LOURENZO

Verbas de VICENTE RISCO

# CATÁLOGO DOS CASTROS GALEGOS

PUBLICADO POL-A SEIZÓN DE PREHISTORIA  
DO «SEMINARIO D'ESTUDOS GALEGOS DE SANT-YAGO»

## CONSIDERAZÓNS ARQUEOLÓXICAS

**CANTIDADE DE CASTROS.**— Oito castros no terreo abranguido por cincuenta e tres parroquias é a densidade castrexia da rexión do Carballiño, densidade mínima entre a das bisbarras ata de agora catalogadas, e que supera en flebeza a rexión de Celanova (dazaseis castros en cuarenta e duas parroquias) constituindo un fenómeno de esprixación pouco doada.

A terra do Carballiño é rica en xeneral, ten prados xugosos, veigas lacentas e vive nela na actualidade unha poboazón numerosa que se fai case mesta nas bandas de bocarribeira, parecendo por todas istas circunstancias que outrora, alá nos tempos anteriores á conquista romana, as suas condizóns naturaes deberían seren favorables pra un bono desenvolvemento da vida humán e recanto cobizado pol-as tribus que entón inzaban a Galiza. A mais de elo pol-a sua altitude, clima e formazón xeolóxica, a terra carballinesa, ven ser unha continuazón do val de Vilamarín, no que os castros apreixanse de tal xeito, que chegan a contarse once nos termos de trece freguesías.

Craro está que algunha acropole poida ter desparecido sen deixar lembranza, como case lle ocurriu ó castro de Moldes, que conserva soio o nome despois de ter perdido todo sinal de fortificación e todo vestixio folklórico, mais ainda admitindo tan remota posibilidade e asimesmo a de que algún recinto castrexo houbérase sustraído ós nosos inqueritos repetidos e coñadosos, sempre teríamos que o número de estazóns esquecidas ou non catalogadas non había de ser de abondo pra alteirar no fundamental a relación existente entre a densidade do pais do

Carballiño e a que fornece o veciño val de Vilamarín e a tamén veciña terra de Montes, ben provida de castros asegún testemuño de Barros Sibelo. (1)

Notábelo é por outra parte o feito de alcontrárense as acrópoles carballinesas localizadas de preferenza nas zonas meros poboadas actualmente, é decir ó pe das serras que fan o límite pol-o norte e noroeste. Das oito catalogadas, seis (Outeiro do Castro, San Facundo, Cidá, Corneda, Souteliño e Meimón, sitiúanse perto dos debalos da Martiñá, do Foxo do Cabrito e do Testeiro e soio duas (Moldes e Cameixa) adiántanse deixa lugares que teñen certa fisonomía ribeirán.

E compre que lembremos agora que a terra do Carballiño presenta un carácter mixto de bocarribeira e de meia montaña e que digamos que os vales inferiores do Avia e dos seus afluentes contan con moi escasos castros, escaseza que parece continuarse ríos enriba, namentres que a abondosidade do val de Vilamarín e da terra de Montes semella inzar a rentes das serras denantes citadas.

Será debida ista contradición entre a cantidade de castros e a densidade da poboazón actual, a que a introdución do cultivo da vide fixo que as xéntes da meia montaña emigraran cara os torróns baixos e quentes denantes non estimados? Haberá que apola a unha diversidade das condizóns políticas, na época protohistórica, que obligaba na

(1) Véxense pra os datos consignados os fascículos I e II do *Catálogo de Castros*, do «Seminario de Estudos Galegos e as Antigüedades de Galicia», de Barros Sibelo.

meia montaña a vivir en lugares fortes ou baixo a proteízón de unha acrópole, e permitian en troques que os habitantes da ribeira morasen en aldeias abertas?

Coidamos difícil dar resposta a istas preguntas, anque sexa posíbel que un estudo de cada parroquia, levado por vieiros onomásticos e diplomáticos e encamiñada a esculcar a sua antigüidade e vicisitudes e a inquerir as causas do seu desenrollo e do seu debecer, poidera botar algúnia luz sobre probremá tan intresante do noso pasado.

**EMPRAZAMENTO.**—Nin un soio castro dos oito catalogados, emprazase n'un cume de forte altitude, nin moi meno nas soás das serras limitrofes. Aséntanse pol-o contrario todos iles en outeiros mais ou menos ergueitos anque sempre de cota modesta e aveciñando a veigas vizosas ou a valgadas larententas. Eiqui como no resto de Galiza, a fortaleza do emprazamento sacrificouse á necesidade de ter a acrópole perto dos pasteiros do gado e das leiras que precurba unha agricultura incipiente.

Asín o Outeiro do Castro e os de Cameixa e Cidá, colocáronse por riba de regatos, asín os de Moldes, Corneda, Souteliño, Meimón e San Facundo, asentáronse á beira de searas e veigas que renden oxe boas seuturas, sendo dino de nota especial o feito, estrano, en país tan pouco abandoso en castros, de apareceren tres de iles, os de Cidá, Corneda e Souteliño, tan perto que dende o segundo pódese chegar n'un coarto de hora a calquera dos outros dous.

Agrupamentos análogos foron citados no fascículo correspondente á terra de Celanova, e o mesmo caso vólvese dar agora cos tres castros denantes citados, que se situán no mesmo sistema montesio; un, o da Cidá n'un Contrafurto setentrional case por completo elento; outro, o de Corneda, no cume central mais prominente e o terceiro o de Souteliño no cabo do macizo que cai xa por riba do río de Brués. A importancia das fortificacóns de istos castros e o seu tamaño escruie toda idea de que algún de iles forá o xeito de posto avanzado de outro, semeillando pol-o contrario que se trata de acrópoles ou cidades pertencentes a coleitividades distintas que debían ter os seus respec-

tivos dominios, a primeira, nas searas das parroquias de Cidá e de Ponte Irixo; a segunda nas veigas que se ollan á esquerda da estrada do Carballiño a Irixo e a terceira nos eidos de Brués, Xurenzás e A Almúzara.

**FEITURA E GRANDOR.**—Agás o castro de Cidá que presenta unha feitura moi alongada os restantes recintos castrexos teñen o xeito mais ou menos circular ou ovalado, que son correntes en Galiza, estando plenamente xustificada a escepzón devandita pol-a forma de cume de monte á coal tiveron que axustarse os costrutores das fortificacóns.

No relativo ó tamaño compre destacar a mainitude do Castro de Souteliño, 206 X 193 metros, que o coloca entre os do grandor considerable (Treile, Buriz, Troña etc.), anque sen chegar ás proporzóns estraordinarias de certos castros e citanias (Morgade, Samoedo, San Cibrán das Lás) que sobrepassan en bastantes metros aquellas cifras.

O tamaño medio dos castros carballineses é de 121 X 101 metros, números semellantes ós que diu a meia da bisbarra de Celanova, (125 X 110) e sensiblemente superiores os da meia do Val de Vilamarín (90 X 60) cumprindose de iste xeito unha regra bastante xeneral que acusa tambores maiores nos acrópoles de rexions de fiebre densidade castrexa, que nas de forte densidade, fenómeno que quizais ten a sua orixe en seren n-aqueas terras mais numerosas as coleitividades políticas que tiñan os castros por centro.

**DEFENSAS.**—As dos castros recollidos niste fascículo son case de cote moi sinxelas, reducindose a terrapréns (Cameixa) coroado nos mais dos casos (San Facundo, Corneda, Cidá, Outeiro do Castro e Meimón) por un parapeto oxe esmorenado en moitas partes, e seguido soio n-unha ocasión (Cidá) por un cativo antecastro.

Contraste vivo, con tal probeza defensiva, ofrecen as fortificacóns do castro de Souteliño que se ordean de unha maneira particular, que non é a típica en antecastro con recinto exterior axuntado ó interior anque sen cingulo, nin tampouco é a de recinto duplice con duas áreas cercadas case concéntricas. Eiqui o recinto interior ocupa un

dos estremos do conxunto das fortificacóns e as obras esteriorés apeganse a il por unha banda e afastanse nas outras n-unha distancia considerable. Debemos sinalar asimesmo a semellanza que iste dispositivo, pouco frecuente, ten co que ostenta a citania de Morgade, unha das meirandes de Galiza e decir ainda que certas particularidáis das defensas, coma son as interrupcóns dos dous fosos interiores na parte do norte, soio poden esplicarse supondo que os portelos que deixaban abertos serían pechados con empalizadas ou con outras obras lixeiras.

En tres dos castros (Corneda, Cidá e Outeiro do Castro) púdose comprobar que os terrapréns e os parapetos teñen revestimentos de cachote en seco, que coidamos deben existir tamén nas outras acrópoles en que non foi posíbel apreciarlos esteriormente. O caso do castro de Cidá que non presentaba na sua superficie ningún cachote solto, e cujos muros e terrapréns semellaban feitos de terra, aparecendo os revestimentos ós poucos centímetros de escavación, é singularmente istrutiva a este respecto e levanos a coidar que en xeneral, todos os recintos castrexos galegos, tifan as suas obras defensivas, amparadas por paramentos de pedra.

**AS PORTAS.**—Soio duas óllanse craramente determinadas; unha a do castro da Cidá, áchase flanqueada por dous ensanchamentos do parapeto que debían erguerse ó xeito de torres, desenroladas cara ó interior do recinto, deixando entre elas unha canella que se ensancha de fora a dentro. Iste tipo de porta, bastante corrente en Galiza, parece ser unha variante do de parapetos revisados, usual en Aliste e do que se alcontran asimesmo entre nós abondosos eisemprares.

A outra porta é a do castro de Souteliño e con respecto a ela compre que fagamos unha rectificación do que queda dito na peleita. A primeira vez que alá estivemos, no Agosto de 1927, a parte sul da área cercada, atopase cuberta por unha millareira e por un toxal ben medrado, que impediron que as nosas observazóns poideran facerse ca necesaria crarezza. Sospeitando que algunha particularidade dos fosos e parape-

tos houbera escapado á inspección voltamos ó sitio no Setembre de iste ano e alcontrando seiturado o millo e rozada a toxreira, fomos doado comprobar que na nosa primeira visita incurrimos en mais de un erro, presentando en realidade a porta o aspecto e feitura expresada no croquis adxunto (fig. 1). Vese n-ela como os dous fosos que coidabamos interrumpidos na banda do suroeste continuánse deica o sul bifurcándose o mais interior e facendo ambos un codo pronunciado.

Restituída tal disposición defensiva á sua



(FIG. 1.)

verdadeira ordeón teñen que resultar duas entradas que avanzan unha cara ó norte e a outra cara ó leste, adiantándose por canellas estreitas e dando paso somente ó recinto mais exterior, ó que viñan desembocar os fosos e parapetos que non dan por completo a volta á área cercada. O valor militar de todas estas obras, que quizais aparecerá mais crara o día en que o castro sexa excavado, debía compretarse coma dánantes indicábamos con empalizadas, seves de bimbo ou de polas entretecidas ou valados accidentaes de pedra.

O ABASTECIMENTO DE AUGAS.—Insistiremos nos puntos de vista xa espostos nos dous fasciculos denantes publicados. O aproveitamento dos ríos ou regatos que pasan ó pé de algúns castros da terra do Carballiño tiña que sere ou imposible, ou de unha grande dificultade no caso en que unha tropa sitiadora vixiara os movimentos das xentes refuxiadas na acrópole. Coidamos pol-o tanto que pra abastecerse cada castro da auga necesaria, debían ter dentro dos seus recintos ou fontes como unha da ciania minhota de Briteiros, cujo tipo está por certo ainda vixente nas nosas aldeias, ou puzos como un descoberto en San Cibrán das Lás, ou pol-o menos reservoiros de grandor considerable como o rexistrado no castro das Fontelas (Val de Vilamarín).

AS HABITAZÓNS.—En ningún dos castros catalogados ollamos superficialmente nin alicerces nin outro sinal nido da eisistencia de casarellas de pedra. Fan así e todo sospitar que as haxas no Castro de Cidá, o nome que xeneralmente é apricado pol-o pobo somente ás cianias e a grande cantidade de cachote que descobrimos ó encetar unha zanxa na parte central do recinto. No castro de Corneda, atópase asimesmo moito cachote solto que pol-a uniformidade con que se espirexe por toda a área cercada non semella procedere totalmente do parapeito esborrallado. O castro de Souteliño que pol-a sua manitude e obras defensivas imítase moito ás cianias, coidamos que debe tamén conter restos de habitazóns permanentes.

OS OBXETOS ASOELLADOS.—Redúcense os testos alcontrados no castro de Cameixa. Como xa dixemos na papeleta correspondente, algúns de istes anacos cerámicos son moi delgados e de pasta fina e ben escollida. Anque non poímos ollar niles as siñas do torno coidamos que non son indíxenas e ainda sospitamos que pertenzan á especie de cerámicas romanas con liñas pintadas de derivanza ibérica, que se atopan con algunha frecuencia nos castros do noroeste peninsular.

Os outros testos, o mesmo os lisos que os decorados, son nidos e típicamente castrexos. Os circos concéntricos e o cordón en

releve que ostentan tres de illes, son motivos de decoración tan abundosos, que a sua presenza sinálase en casi todos os castros e cianias que foron obxeto de algunha esprazón.


Maor intrés presenta a testa con adornos riscados de liñas e triángulos. Ambos motivos son usuais e correntes na especie campaniforme e ainda as liñas paralelas cheas de pequenos riscos óllanse nos vasos de ista caste, das Pontes de García Rodríguez. Debemos pois apuntar un feito novo que fai relación á perduranza da decorativa eneolítica na cultura norte dos castros, feito que por outra parte foi rexistrado xa nas cianias minhotas de Belinho, Terroso, Guidoas, Vila do Conde, Briteiros, Coto da Pena.

A VECIÑANZA CON OUTROS XACIMENTOS ARQUEOLÓXICOS.—A terra do Carballiño é moi rica en mámoas, agrupándose as necrópoles de preferencia na mesma área montesia en que se agrupan os castros. Vázquez Núñez no seu artigo *Las Mámoas* (1) fala de tres situadas en San Facundo, de outras oito emprazadas perto do Carballiño e de duas que se erguían nos termos da parroquia de Cobas, parroquia na que asegún testimoio de Barros Sibelo eisistía un castro que non poímos atopar apesar de ter recorrido na sua precura todos os lugares que a constituen. Duas das mámoas emprazadas perto do Carballiño, foron esprazadas aparecendo nunha de elas, que continha catro esteios da anta, un machado e unha goiva de pedra, unha punta de frecha de esquisto, seis facas de pedreira e dous testos cerámicos.

Na parte alta do concello de Boborás hai tamén numerosas mámoas. Unha de elas situada en Xendive, tiña anta con corredor iniciado e deu ó ser esprazada un machado de esquisto e testos de un vaso de barro negro e liso. Como denantes dixemos o castro Meimón, áchase arrodeado de mámoas con anta, que asegún os labregos eran as garitas en que os mouros facían a centinela.

Non sabemos de ningunha vía romana,

(1) «B. de la C. de Monumentos» de Ourense, vol. I, n.º 20 Xuño de 1901, páx. 382.



principal nin secundaria que atravesase a terra do Carballiño e apesar de elo e do carácter itinerario que tivo a penetración da cultura dos conquistadores no noso país, aparecenos ista bisbarra como fortemente romanizada, debendo lembrarse pr' o caso as conduzóns de auga que se asoellaron en sitios próximos ó castro Meimón e ó Outeiro do Castro, as tégulas atopadas ó pé do Castro de Cameixa e os numerosos restos descubertos por baixo do de San Facundo, podéndose ainda engadir a istes achadegos o de un forno feito con ladrillos bipedales que apareceu recentemente na mesma vila do Carballiño, ó facerse as obras de unha casa-escola e insistir acerca da significanza do epígrafe de San Facundo que é un dos seis únicos que se rexistraron na provincia de Ourense, alonxados mais de 5 kilómetros do trazado das vias.

## CONSIDERAZÓN S FOLK-LORICAS

**OS HABITADORES DOS CASTROS.**— Dos oito castros catalogados n'esta bisbarra, cinco aparecen habitados pol os mouros consabidos, cos mesmos carauteres ou servados n'outros lugares: as suas *minas subterráneas*, as suas *eiras e garitas*, o *graodado aos porcos*, o *millo posto a asellar*, os seus *tesouros*.

Hai un caso no que se dan coma históricos. O informador semiculto afirma qu'estiveron ali douscentos anos, e que iso foi *enantes de viren os romanos e os cartaxineses*.

O ter estado douscentos anos, xa o temos atopado n'outro caso (Castro da Martíná, no val de Vilamarín). Semella que os douscentos anos non é mais qu'unha expresión indicante d'un tempo moi longo. O labrego vive escrusivamente no presente, e calquera cousa ou acontecemento que pase dos cen anos, pérde-se xa pra il na noite dos tempos, no rencuado período de María Castaña, de cando as bestas falaban, de cando Noso Señor andaba pol o mundo, da *alcheringa* dos australianos, ese tempo histórico no que, pr'aixente non traballada pol-a cultura, resúmese e

Tal romanización non itineraria do país carballinés pode espricarse quizais pol-a existencia n'il de esprotazóns mineiras. Toda a bisbarra é en xeneral rica en xacimentos estamniferos, que afectan normalmente o xeito eluvial corrente en Galiza. A esprotazón de ista clás de xacimentos é posíbel que se refiran os enormes desterrados de Maside que diron lugar á formación da lagoa que donou o nome á parroquia de Lago, as grandes canles, que se conocen co nome de *grovas* e que se ollan á beira do Carballiño e n'outros sitios, e os puzos fondos e moi anchos que existen perto do castro de Cidá.

Un eisame deteñido de todos istos lugares e un análise das terras, é moi posíbel que chegaran a determinar exactamente a verdadeira natureza de estas obras de desterro, cuia manitude e importancia son evidentes

confundirse todo o pasado. D'eiquí que douscentos anos xa venen ser unha duranza case incalculábel, pois non teñen dato concreto ningún a que referila. O peisano pode adquirir por tradición e levar na memoria muitas referencias históricas e leendares, algunas das quais poden vir d'un pasado remotismo; mais il lembráas de cote sen cronoxia, nen ausoluta, nen relativa; a tradición popular non conserva ven as datas nem a orde dos acontecimentos.

Emporiso, non deixa de poder ter certo significado, se cadra, a posición histórica dos mouros coma mais antigos qu'os romanos e cartaxineses (isto dos cartaxineses é un elemento eruditio que se meteu eiquí), coma confirmatorio da identificación dos mouros castrexos coa pobozón protohistórica de Galiza, ou sexa cos auténticos costrutores dos castros. Lembremos que xa no Outeiro de Vimieiros (bisbarra de Celanova) foi recollida a tradición de teren os mouros sido botados dos castros polos romanos.

**A BATALLA DE SAN FACUNDO.**— N'outro caso, fálase da guerra tida contr'os mouros por San Facundo e San Primitivo.

Refirese esta lenda á batalla do Castro Anceo? É unha versión aumentada do martirio d'aquiles doux sainos? É lembranza de un acontecemento histórico anterior? En todo caso, as figuras dos santos impuxéronse e arragueron a leenda ou tradión, intervindo os mousos inevitables, sobre todo en caso de guerra cos cristianos. Sabido é que a naturza, o lugar do martirio e a posesión dos verdadeiros corpos de San Facundo e San Primitivo, andivo en porfia entre Cea e Ourense por unha banda, e Sahagún por outra, e que pra moitos, o pleito está decidido a prol de Sahagún. Así e todo, se poidermos de nostrar qu'esta lenda ten por base un acontecemento da vida dos Santos, ciò viria en certo xeito amosar a tese de ter sido en Cea onde sofriron o martirio, e ser os que están n'Ourense os seus verdadeiros corpos. N-outro caso, teríamos diante persoaxes estranos qu'atrugueron unha leenda que tiña qu'estar formada enantes de se ter introducido ali o seu culto. O que pode dar luces é a data da primitiva fundación da eirexa de San Facundo, que sendo posterior á batalla do Castro Anceo (coma será, con toda probabilidade) trai o poder ser esta a que deu na cencia a tradición ou leenda, o que non podería ser, se se probará ter existido ali enantes d'aquel tempo, unha eirexa consagrada a San Facundo.

**AS MOURAS DA FONTE.** — As mouras qu'aparecen ispidas na fonte, ond'o Castro de San Facundo, len bran dende logo as fadas nórdicas, as tan seadas *omníñas* de Kabalah chamada adulterina — por ter recollido vellas tradizóns europeas que inseriu na doutrina hebrea — cecais mais que outras formas miticas que temos atopado nos nosos castros. Todos lembramos os contos en qu'o cabaleiro ou principe de rigor, solprende a ondina a se bañar na fonte. É o caso, ademais, das *xanas* d'Asturias, qu'algúns veces aparecen d'iste xeito.

**OS TESOUROS.** — Atopamos elqui o ouro que semella carbón, o peito d'ouro, o haber soterrado, a becerra de prata e a cabra d'ouro, e as famosas trabes.

En col do ouro que semella carbón — ou que se volve carbón n-outros casos recollidos n-outras bisbarras — temos que ouser-

val a constanza da asociación d'estas duas materias, que van de cote xuntas en contraposición, coma se unha d'elas fora a mais nobre de todas e outra a mais ruín. Ora, dito así de feito, o carbón non é unha materia tan ruín, senón que pola contra, é útil. Compréndese o caso do Viso (Allariz) (1) en que se contrapón no ouro o escrimento de cabra; mais se non comprende tan ben que sexa o carbón. Ben é certo qu'o carbón non ten pra os peisanos a utilidade immediata que ten pra nós, xa que illes nono empregan, coñicendo coma cocinan con leña; mais así e todo en muitos lados, nas serras, onde s'adican a preparalo e vendelo, comprenden ben o valor que ten. Ainda hai a asociación d'ideias do carbón e o lume, e sabido é qu'o lume é tido sempre coma nobre.

A razón debe estar na coor do carbón, na sua negrura, que por elo, contrapone a coor lumiosa do ouro. O ouro ven representar en certo xeito, a luz — sabido é que os alquimistas consideraban o ouro coma luz en estado concreto, solidificada, coma si dixéramos, e elo debe responder a tradizóns ben antigas. Namentres qu'a negrura do carbón ven ser com'unha concreción da treba, do oposto a luz. Isto todo radica probablemente no inconsciente. Coidamos que ten certa verosimilitud esta interpretación.

**AS TRABES D'OURO E D'ALQUITRÁN.** — Preséntanse en tres casos: n-un están as duas, n-outro non queda mais que unha, no terceiro volvérónse duas antas, e s-duas d'alquitran.

Ouservamos, pois, diferentes degeneracións e desfiguramentos do mito, susceptíbel de moitas formas.

**O PEITO D'OURO.** — O caso referido é idéntico ao do *restrelo d'ouro*, que se refire n-esta mesma bisbarra, do qual constituye unha variante. Responde á idea d'usaren os mousos ainda os ouxetos e trebellos mais insignificantes, feitos de materia preciosa.

**A CABRA E MAIS A BECERRA.** — Hai elqui duas cousas qu'ouservar:

1.<sup>a</sup> O senso duplo do conto, duplo, quer-se dicir: un senso educativo-moral, qu'ou-

(1) Véxase o noso traballo: *Os mitoloxos populares galegos: Os mousos encantados*, en NÓS, n.º 43, páx. 12.

servamos moitas veces nos contos e leendas populares, cuia relazón, de cote chea d'intres e d'efeito, especialmente nos nenos, é un dos recursos pedagóxicos espontáneos ou istintivos qu'o pobo emprega, e no que radica en gran parte o valor educativo que dá ao folklore o ilustre pedagogo italiano Lombardo-Radice.

Nesta leenda atopamos, por exemplo, coma n-outras moitas, a cobiza castigada. O home escolleu na becerra porqu'era mellor, de mais prezo qu'a cabra, e se se desfixese en ouro, mais ouro recollería; mais en castigo, desfixose en prata, e non ganou tanto coma s'houbera escollido na cabra.

O outro senso é o que podemos chamar máxico ou cecais millor *esfinxico*, no que vemos obrar a lóxica estrana e inexorábel do outro mundo, á que se referira por certo Chesterton, n'un capídeo da sua *Orthodoxia*. O home, ao porse en contaute co-ise mundo, fica suxeito a aquela lóxica, mais coma nona comprende ben, ten qu'andar ás tecataruxas, ao que boamente salia, e atarse aos resultados dos seus actos cuio alcance non pode midir. Escolleu a becerra cando debería escoller a cabra, porque asegún as suas ideias d'iste mundo, valía mais a becerra, e por consecuencia, tivose que conformar co-a prata en lugar do ouro. Ora, ben sabido é que pra moitos autores — Tylor, Wundt, Leyy-Bruhl, etc — esta lóxica do outro mundo ven coincidir, pol-o menos en grande parte, co-a lóxica da mentalidade primitiva. E coma a esta lóxica estricta do outro mundo poderáselle apostar todo, senón é a sua falla de coherenza, de consecuencia, d'encadeamento rigoroso d'ideias, de principio á conclusión, d'eiqui que poidéramos traguer a colación d'Henry Berr en col do rol xogado pol-a lóxica no desenvolvemento histórico do home. Ben se vé que na mentalidade primitiva a lóxica é moi mais pecha e inflexible qu'antrénos, e qu'o progreso do pensamento consistiría pol-o tanto n-unha meirande percepción das excepcions d'apreciación dos principios, n-unha menor tendenza á xeralización, n-unha maior distinzione de casos, d'ordes e d'agrupamentos de feitos.

2.º O viren as ideias d'ouro e de riqueza tan amiudo asociadas á representación d'un

## NÓS

becerro, que non deixa de lembrar o bíblico Becerro d'Ouro: Nos tesouros dos castros atopamos n-efeuto, becerros d'ouro, que se volven ouro ou prata; becerros-pantasmas; ouro pechado e cosido na pel d'un becerro, ou d'un touro, ou d'un boi. Esto debe vir de tradizóns incalculavelmente antigas.

**DESENCANTAMENTO DOS TESOUROS.** — Atopamos eiqui a práctica corrente do libro e dos circos máxicos, d'origen seguramente cipriánico.

O que ten de novo, é qu'en lugar dos tronos e tremer da terra qu'acontez n-outros lados cando se fan evocacions, eiqui o poder evocado maniféstase na forma d'un gran vento. Sabido é qu'o espirito ten sido identificado co ar, e que de nomes dados a iste veñen as verbas *alma*, *duína*, *pneuma*, *espírito*, non sendo raro qu'as potenzas invisibles se presentan na forma de grandes ventos. Hai ademais unha relazón antr'os espíritos e as perturbazóns atmosféricas. Os druidas aseguraban que cando unha alma d'outa categoría deixaba este mundo (héroes, santos, sábios), moviase unha forte tromenta, pois crebárase o equilibrio do mundo, e os ventos viñan encher o valeiro qu'aquelha y-alma deixara. Pra moitos pobos, os deuses da atmósfera teñen o rol principal, com'acontez con Zeus antr'os gregos, e con Indra en certos tempos e en certos meios da India.

Pois o demo, cecais herdeiro d'algúns d'istes deuses, tamén pode mover os ventos cando sai do inferno obrigado polos conxuros.

Otro caso de tesouro desencantado por casualidade, é o da cabra e mais a becerra do apartado anterior.

E ningunha cousa mais atopamos no folklore dos castros da bisbarra do Carballiño.

Suscribase a

## EL MOMENTO

Diario da noite

Linares Rivas, 50

A Cruña

# OS HOMES, OS FEITOS AS VERBAS

PORTECALE, Setembro-Outono, 1929.

**S**UMARIO: *Um bicentenario*. — Claudio Manuel da Costa, Manuel de Sousa Pinto. — *A Violeteira* (versos), Alberto d'Oliveira. — *Frei Gonçalo Velho e o fantástico 5.º centenário do descobrimento dos Açores em 1932*, António Ferreira de Serpa. — *Dom Sebastião no Límoiro*, Ernesto Suares. — *As inscrições rupestres de Lanhelas*, Abel Viana. — *Inéditos e autógrafos*, Claudio Basto. — *Vasco Fernandes, o «Grão Vasco»*, Maximiano Aragão. — *Estudo* (gravura) Margarida Costa. — *Varia: Portugal... na Holanda*, Albo de Oliva. — *P.º João Luís Lourenço Loução*, F. Alves Pereira. — *Adágios portugueses e brasileiros*, Maria Portugal Dias. — *Xisto Lopes*, Emanuel Ribeiro. — *Bibliografia*, F. Alves Pereira, C. B., A. M., P. V., A. Scipião de Carvalho. — *Novidades*. — *Vida Académica*. — *Leilões de livros*. — *Res et Verba*.

Novembro-Dezembro, 1929.

**S**UMARIO: *Uma velha crença*, J. J. Nunes. — *O Angelus da noite* (versos), Fausto Guedes Teixeira. — *Inéditos e autógrafos*, Claudio Basto. — *Subsídios para o estudo das consequências da analogia em português*, Rodrigo de Sá Nogueira. — *Glosas bárbaras* (versos), Jaime de Magalhães Lima. — *Eça de Queiroz* (escultura), Silva Govreia. — *Vasco Fernandes, o «Grão Vasco»*, Maximiano Aragão. — *Varia: Um passo dos «Lusiadas»*, C. Basto. — *Uma espada de antena*, Abel Viana. — *José Relvas*, P. Vitorino. — *Portugal... na Holanda*, Albo de Oliva. — *Latino Coelho em seu bairro*, Severo Portela. — *Marchados de bronze do Museu municipal do Porto*, R. de Serpa Pinto. — *Ainda o fantástico 5.º centenário do descobrimento dos Açores*, António Ferreira de Serpa. — *Adágios portugueses e brasileiros*, Maria Portugal Dias. — *Ortografia no Brasil*. — *In memoriam* (Maximiano Aragão, Freire de Andrade, António José de Almeida, Columbano Bordalo Pinheiro, Georges Clemenceau). — *Bibliografia*, C. B., P. C., Redação. — *Novidades*. — *Vida Académica*. — *Res et Verba*.

O INSTITUTO, Coimbra, 4.ª serie.  
volume 7.º, número 1.

**S**UMARIO: *Sur André de Gonvea, principal du Collège de Guyenne*, Marcel Bataillon. — *As paisagens de Goethe, até à ida para a Alsacia*, Dr. Ferrand P. d'Almeida. — *Subsídios para a história religiosa do distrito de Bragança* *A orden III e a casa do fundador do convento de S. Francisco de Vinhas*, P.º Firmino A. Martins. — *Terra de Santa Maria, Cívicas Sanctae Mariae*, Aguiar Cardoso. — *De alguns artistas do Museu da Ajuda*, Julio Jesus. — *Les grands portugais de XV e XVI sécules*, Almirante Degony. — *Subsídios para História da música em Portugal*, Sousa Viterbo. — *Bibliografia*.

Número 2.

**S**UMARIO: *Fernão de Alburquerque, governador da Índia era, em 1622, na Índia e em Portugal, o parente mais próximo de Afonso de Alburquerque*, José F. Ferreira Martins. — *Arquivo do confrario de Santo Elói do Porto*. — *Subsídios para a história da curivesaria em Portugal*, Laurindo Costa. — *Correspondência de Restauração*, Antonio Gomes da Rocha Madahil. — *Terra de Santa Maria*, Aguiar Cardoso. — *Des nouvelles recherches sur la sociologie des animaux*, Thorleif Schjesderup Ebbe. — *Choque anafilático*, Manuel Joaquim Costa. — *Varia*.

Número 3.

**S**UMARIO: *Dr. Costa Simões*. — *A Time-Honoured Mystery, from the Neno of Plato*, Grace Chisholm Young. — *Valor lógico da filosofia na anafilaxia*, Manuel Joaquim Costa. — *Inscrições do Claustro do Silêncio, em Alcobaça*, Vergílio Correia. — *Em volta do processo dos Tavoras*, Luis T. de Sampaio. — *Subsídios para a H. da música em Portugal*, Sousa Viterbo.

BIBLOS, Coimbra, Julho e Agosto, 1929.

**S**UMARIO: Dr. Jose Maria Rodrigues, *Subsídios para a história do descobrimento*

*do Brasil.* — Feirand d'Almeida, *O seculo XVIII e a paisagem alpestre antes do aparecimento da «nova Eloisa».* — Guido Battelli, *Filippo Terzi.* — Manuel de Silva Gaio, *Pela ribeira do Mondego.* — Hubert Guillot, *Chateaubriand.* — J. J. Nunes, *Um problema literario: Quem foi o tradutor da «Vita Christi»?* — *Libros recibidos.* — *Revista de revistas.* — P. José dos Santos Mota, *Metrica de Camões.*

Setembro-Outubro, 1929.

**S**UMARIO: Manoel de Sousa Pinto, *Romanistas brasileiros.* — Dr. Gino Marsi, *Due lettere inedite di D. Jodo II a Lorenzo e Piero de Medici.* — Vergílio Correia, *A escultura em Portugal.* — Guido Battelli, *Il terremoto di Lisbona nelle memorie degli scrittori italiani contemporanei.* — Varia: *Cursos de Ferias de 1929.* — P. José dos Santos Mota, *Metrica de Camões.*

Novembro-Dezembro, 1929.

**S**UMARIO: Mendes dos Remedios, *Lessing fabulista na literatura portuguesa.* — Vergílio Correia, *A escultura em Portugal.* — Angiolo Marcori, *Gustavo Adolfo Becker.* — Antonio Cruz, *O lirismo na Literatura Portuguesa.* — Guido Battelli, *Note critiche di storia d'arte.* — Ernesto Donato, *«Os Reservados» da Biblioteca da Universidade de Coimbra.* — Varia: *Cursos de Ferias.* — *Bibliografia.* — *Revista de revistas.* — P. José dos Santos Mota, *Metrica de Camões.*

#### SEARA NOVA

**S**IGUE pubricando traballos d'intres, como *A evolução espiritual de Autero*, de Joaquim de Carvalho, *A Ilha verde e vermelha de Timor*, de Alberto Osorio de Castro, *Para um evangelho de acção idealista no mundo real*, de Raul Proença, e as seizóns de costume. Carlos Parreira, ocupouse de Cocteau; Ferreira da Costa, d'Adam Mickiewier; Antonio Serrano, de Lessing. M. Rodrigues Lapa pubricou un traballo en col de *Misticismo e heresia nos trovadores galego-portugueses*. Gonçalo de Reparaz, unhas *Cartas peninsulares*, dinas de seren lidas. Ocúpase tamén dos traballos xeográficos de Otero Pedrayo.

#### BOLETÍN DE LA SOCIEDAD CASTELLONENSE DE CULTURA Quadernos III a VI, 1929.

**T**RABALLOS principás: páxinas, dibuxos e artigos adicados ao pintor e escritor Ricardo Carreras; *Una excursión geológica al desierto de las Palmas*, por Vicente Sos Baynet; *El Concepto del «Derecho» en los «Fírs»*, por Honorio García; sobre a Exposición artística de Morella, dialectología do Maestrazgo, Numismática, bibliófilos valencianos, etc., e unha recolleita folk-lórica de oracions populares.

Imp. NÓS, Linares Rivas, 50. A CRUÑA.

**F. ROMAN e SACO**

**DROGUERIA e FARMACIA**

Pereira, 19 — OURENSE — Teléfono 28



**A hixiene nos nenos**  
é a garantía da sua saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o  
**"Jabón Sales de la Toja"**,  
único que ás súas altas calidades  
meicinás xunta toda a finura e pre-  
sume d'un xabón de tocador.  
Contribuie ó perfeito des-  
envolvemento das criaturas e evita  
o perigo da escrófula e  
o raquitismo.

**JABÓN  
LA TOJA**  
ÚNICO EN EL MUNDO

1pta  
DASTILLA



**O Xabróñ da Toxa  
é o mellor.  
Honra á Galicia no  
mundo enteiro**

# P A R D O

ÓPTICO CENTÍFICO

Preguntoiro, 32 San Andrés 50

SANTIAGO

A CRUÑA,

CASA ESCRUSIVAMENTE ADICADA A ÓPTICA CENTÍFICA

## FOTOGRABADO

Si quer qu'os seus fotogradados sexan o mais perfeito posíbres, convenlle envialos aos  
Talleres de fotograbado ESPASA-CALPE S. A.

Rios Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

Droguería e Farmacia

## LUIS FÁBREGA

Progreso, esquina a Luis Espada

OURENSE

MERQUE VOSTEDE  
Plumeiros **RAFIUM**

De mais dura qu'os de pruma e limpia  
millor. Vendese en todos os estabeleci-  
mentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

## BODEGAS GALLEGAS, PEARES E OURENSE

Vinos finos de mesa: Tinto TRES RIOS, Blanco BRILLANTE

LOS GALLEGOS blanco e tinto

Macia e Valeiras, Apartado 18 - Ourense

## Sanatorio Quirúrgico de San Lorenzo

SANTIAGO DE GALICIA

DE LOS PROFESORES

**D. Fernando Alsina y D. Antonio M. de la Riva**

CIRUJANO

GINECÓLOGO

Establecimiento dotado de todos os elementos que exixen  
a terapéutica e a hixiene modernas, situado nas aforas  
da poboazón, moi cerca do pasco da Ferradura

Teléfono número 195

Pra detalles, calquera dos Directores ou o Médico interno